

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE) COMO CONSECUENCIA DA UBICACIÓN DA PISTA DE ATLETISMO CUBERTA NO RECINTO FEIRAL E DEPORTIVO DE EXPOURENSE EN OURENSE PARA REGULAR O RÉXIME DE COORDINACIÓN DA PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS E FEIRAIS E AS ACTIVIDADES DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DA PISTA DE ATLETISMO CUBERTA

En Ourense, 13 de xuño de 2019

REUNIDOS

Don _____, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

O Sr. D. _____, en calidade de alcalde presidente do Concello de Ourense e vicepresidente segundo desta Fundación, exerce as funcións de VICEPRESIDENTE PRIMERO EXECUTIVO e por tanto REPRESENTANTE LEGAL da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, por ausencia do presidente titular e do vicepresidente primeiro, tal e como se establece nos artigos 24 e 25 dos Estatutos desta Fundación. Que tomou posesión coma membro do Padroado desta Fundación con data 18 de xuño de 2015.

Actuando ambos coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Conforme ao establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22),

correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no artigo 5 do Decreto 76/2017, de 28 de xullo.

SEGUNDO. No exercicio desta competencia, a Xunta de Galicia proxectou e executou a obra de instalación dunha pista de atletismo hidráulica cuberta no recinto feiral de Expourense en Ourense.

TERCEIRO. A Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral para o Deporte –en adiante a Secretaría Xeral para o Deporte- e Expourense asinaron o 11 de abril de 2016 un Convenio de Cooperación para levar a cabo as obras de instalación dunha pista de atletismo hidráulica cuberta no recinto feiral de Expourense en Ourense. Segundo establecía a cláusula primeira do citado convenio, era obxecto do citado acordo establecer as bases de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e Expourense *“(...) para a posta a disposición por parte da citada Fundación a favor da Administración autonómica da súa instalación feiral, ao fin de que a Secretaría Xeral para o Deporte leve a cabo na mesma a construción dunha pista de atletismo cuberta, cun sistema hidráulico que permita a total compatibilidade do seu uso deportivo co uso feiral ao que actualmente se destina o espazo (...).”*

CUARTO. En virtude do referido acordo, a Secretaría Xeral para o Deporte acometeu nas instalacións de Expourense as obras obxecto do convenio, e que consistiron en:

a) A execución dunha pista de atletismo hidráulica homologable pola Real Federación Española de atletismo RFEA, que consta de:

- Dúas rectas paralelas horizontais e dúas curvas de radios iguais peraltados, con un perímetro nominal de 200m e un total de 6 rúas.
- No interior do anel se localiza unha pista recta de 8 rúas para carreiras de velocidade e vallas, así como corredores e zona de caída para salto de altura, salto con pértega, de lonxitude e triplo salto ademais dunha zona para lanzamento de peso.

b)A pista acompáñase dunha serie de espazos auxiliares situados sobre o volume dos almacéns existentes, de xeito que se compatibiliza as necesidades propias do recinto feiral coas necesidades de espazos auxiliares específicos da pista.

c)Para a localización do público que acuda á actividade deportiva, prevíuse unha zona de bancadas telescópicas, capaces de acomodar a 500 espectadores, (na actualidade incrementada en 1.000 espectadores máis) que quedan recollidos nos laterais do recinto para non entorpecer o resto de actividades.

QUINTO. Rematadas as obras, e segundo se establece na cláusula 5ª.do convenio, procederase pola Secretaría Xeral para o Deporte á entrega da pista a Expourense, titular da infraestrutura e instalacións, sen prexuízo do dereito real de uso que se constituirá, tal e como se prevé na cláusula 1ª e concordantes do convenio do 11 de abril de 2016, a favor da Secretaría Xeral para o Deporte en escritura pública ante Notario.

Con data 15 de xuño de 2018 outorgouse escritura de cesión a título gratuito de dereito real de uso a favor da Xunta de Galicia ante María Teresa Fernández Carrera, notaria do Ilustre Colexio de Galicia.

Esta cesión se realiza con carácter gratuito, sen ningún tipo de contraprestación . Non obstante, a Secretaría Xeral para o Deporte abonará as cantidades correspondentes como consecuencia dos gastos e consumos derivados das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación das instalacións, así como os gastos de funcionamento das mesmas, garantindo que se manteñan en perfecto estado para o desenvolvemento das actividades deportivas, competicións ou eventos deportivos

As obras realizadas en todas as instalacións de Expourense contan coas autorizacións necesarias para a actividade da que pretende facer uso a Secretaría Xeral para o Deporte.

SEXTO. Xunto coa entrega das obras, e segundo se establece na cláusula terceira 2) do convenio inicial asinado o 11 de abril de 2016, faise necesario proceder á subscrición dun novo convenio entre as Partes que regule:

- por un lado o réxime de coordinación para a programación por cada unha delas das súas respectivas actividades na pista, posibilitando a utilización das instalacións con destino a

actividades deportivas e garantindo, sempre e en todo caso, a compatibilidade deste uso co feiral da instalación;

- por outro un réxime de xestión do uso deportivo que garanta a optimización das instalacións tanto no rendemento deportivo para o crecemento e desenvolvemento dos deportistas galegos como na conservación e mantemento do ben común que constitúe a pista de atletismo.

Por todo o anterior, a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte, e Expourense, por medio da Vicepresidencia Primeira Executiva do seu Padroado, deciden subscribir este convenio que se suxeitará ás seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer:

1. O réxime de coordinación do uso da pista de atletismo cuberta entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) para a programación por cada unha das Partes das súas respectivas actividades na pista, posibilitando a utilización das instalacións con destino a actividades deportivas e garantindo a compatibilidade deste uso deportivo co feiral da instalación.
2. A regulación da xestión e a realización das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación das instalacións, así como os gastos de funcionamento das mesmas, garantindo que se manteñan en perfecto estado para o desenvolvemento das actividades deportivas, competicións ou eventos deportivos

SEGUNDA.- Uso deportivo da pista

O uso deportivo da pista enmarcarase en dous períodos:

- Dende o 1 de xaneiro ao 1 de maio
- Dende o 1 de decembro ao 31 de decembro, ambos inclusive, separados exclusivamente pola actuación á que se refire o parágrafo seguinte.

Anualmente estableceranse de maneira conxunta e en virtude dos calendarios tanto deportivo como feiral as datas concretas para a realización do evento feiral “Xantar” que sempre terá que celebrarse na primeira semana do mes de febreiro ou de marzo, dependendo do entroido, por un período máximo de 35 días dentro do anteriormente establecido intentando en todo caso unha coordinación que non mingüe o uso da pista no período no que as competicións deportivas se desenvolven.

TERCEIRA.- Xestión, mantemento e conservación da pista

De acordo coa cláusula quinta 2. b) do convenio asinado entre as partes con data 11 de abril de 2016 “a responsabilidade da xestión, mantemento e conservación da instalación deportiva, así como os gastos que o seu funcionamento xere, serán a cargo da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia” si ben se establece a posibilidade de que a administración poña a xestión da infraestrutura deportiva a disposición de terceiros.

En atención a esta posibilidade e considerando os beneficios da colaboración coa Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, titular da instalación, para a conservación do ben común formado pola pista de atletismo e os anexos a mesma (vestiarios, almacéns, gradaría) acórdase que a xestión e a realización das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación das instalacións, así como os gastos de funcionamento das mesmas, garantindo que se manteñan en perfecto estado para o desenvolvemento das actividades deportivas, competicións ou eventos deportivos, se leve a cabo pola Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense).

CUARTA.- Obrigas de Expourense

- a) Expourense utilizará o espazo da pista de acordo coas limitacións de uso recollidas no proxecto técnico, en especial no que se refire as cargas admisibles e as medidas de mantemento e limpeza que se poidan empregar (que serán claramente especificadas por parte da Secretaría Xeral para o Deporte á Fundación para a súa correcta comunicación a terceiros- usuarios dos eventos feirais).
- b) Expourense respectará o dereito de uso que se reserva a Administración Xeral da Comunidade Autónoma para a organización de actividades ou eventos deportivos no marco das súas

competencias e compatibilizará de forma eficaz o uso deportivo cos usos feirais que programe dentro da súa actividade habitual.

- c) Expourense posibilitará, no ámbito das súas competencias, o uso deportivo do recinto mais adecuado para coordinar a actividade feiral coa actividade deportiva, garantindo en todo caso, por unha parte, a continuidade da actividade feiral propia da Fundación, velando porque se desenvolva con total normalidade e, por outra banda, a adecuada funcionalidade da pista de atletismo e o equipamento deportivo para o uso das distintas disciplinas atléticas.
- d) Expourense facilitará as actuacións que sexan necesarias para manter o uso deportivo en condicións de calidade e operatividade durante todo o tempo de duración do mesmo, así como a seguridade e vixilancia do recinto deportivo e instalacións interiores e exteriores que se usen durante ese uso.
- e) No caso de transmisión da instalación feiral por Expourense, o adquirente subrogarase en todo caso na posición xurídica desta. O terceiro subrogado deberá respectar o dereito de uso conferido, subrogarse en todas as obrigas que se deriven do presente convenio e asumir todas as responsabilidades pendentes de Expourense, no seu caso, por incumprimento das súas obrigas derivadas deste convenio ou do que este trae causa.
- f) Expourense farase cargo da montaxe e desmonte da cuberta da pista para usos deportivos, e os gastos e obrigas que estas accións comporte unha vez entregada a protección definitiva por a Secretaría Xeral para o Deporte coa conformidade de ambas partes.
- g) Expourense farase cargo da apertura e peche e limpeza diaria e durante a competición da pista e das instalacións interiores e exteriores durante o período de uso deportivo.
- h) Expourense facilitará o apoio para o desenvolvemento da totalidade das competicións deportivas que se celebren no período habilitado.
- i) Expourense contará cun seguro de responsabilidade civil e do edificio durante os períodos de competición e uso deportivo.

QUINTA: Obrigas da Secretaría Xeral para o Deporte

- a) A Secretaría Xeral para o Deporte entregará a Expourense o material necesario para a cobertura e protección de todo o recinto con unhas especificacións que garanten a compatibilidade da instalación para eventos deportivos e feirais.
- b) A Secretaría Xeral para o Deporte comprométese a facilitar a información e dar a formación necesaria para o montaxe e desmonte da pista en condicións de garantía.
- c) Previa comunicación escrita a Expourense, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá realizar as accións de mantemento e melloras que sexan necesarias para a axeitada conservación da pista. Estas accións correrán a cargo da Secretaría Xeral para o Deporte.
- d) A Secretaría Xeral para o Deporte, comprométese a coordinarse con Expourense na utilización da instalación deportiva para unha mellor xestión da mesma.
- e) A Secretaría Xeral para o Deporte comprométese a abonar, como máximo, as cantidades que figuran no presente convenio para facerse cargo dos gastos e consumos derivados das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación das instalacións, así como os gastos de funcionamento das mesmas .

SEXTA.- Condicións económicas

Como compensación dos gastos nos que incorre a Fundación Expourense na xestión e a realización das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación das instalacións, así como os gastos de funcionamento das mesmas a Secretaría Xeral para o Deporte colaborará con un importe de 200.000,00 €, imputables á aplicación orzamentaria e anualidades que deseguido se identifican:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 04.40.441A.226.99

Anualidade 2019: 100.000 €

Anualidade 2020: 100.000 €

A colaboración financeira da Secretaría Xeral para o Deporte neste convenio non terá o carácter de prezo, senón de achega que se realiza para compensar a Fundación dos gastos e consumos nos que incorre como consecuencia do cumprimento obxecto do convenio.

Segundo o orzamento aprobado polo Padroado da Fundación os gastos xerais anuais da Fundación Expourense para o ano 2019 ascenden a 800.150,00€, o que supón un custo mensual de 66.679,17,00€ que multiplicado polos 5 meses de uso deportivo supón un total de 333.395,85€.

O importe deste contravalor pola prestación que se realiza está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado e acada no ano 2019 o 41,67% dos gastos de funcionamento do recinto deportivo no período establecido neste convenio.

Tendo en conta o histórico do ano 2018 e o previsto para a anualidade 2019 enténdese que os gastos para o ano 2020 serán similares os desta anualidade, polo que se mantén o mesmo importe compensatorio, sen prexuízo da obrigatoriedade de xustificación da Fundación.

O aboamento da citada cantidade farase en dous pagos anuais:

1.- Un primeiro pago, a 15 de xuño, coa liquidación dos gastos sobre a base dos datos de facturación real xerados polo mantemento, conservación e funcionamento da pista durante o primeiro período de uso deportivo da pista. A Fundación presentará memoria dos gastos e as facturas correspondentes a este período.

2.-Un segundo pago, a 20 de decembro, coa liquidación final dos gastos de este período e os que se incorreran no primeiro período e non se incluíran na xustificación do primeiro pago. A Fundación presentará memoria dos gastos e as facturas correspondentes a esta liquidación.

Tamén achegará as certificacións expedidas polas administracións correspondentes, que acrediten que a entidade atópase ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como que non ten débedas contraídas coa Xunta de Galicia.

A presentación da documentación solicitada será obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, con código PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> e dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte. Este formulario estará

dispoñible para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contengan un sistema electrónico específico nin un modelo electrónico normalizado, dirixidos a calquera órgano, servizo ou unidade da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

SÉTIMA.- Medios humanos e materiais

Expourense disporá dos medios humanos, materiais e técnicos, así como a loxística necesaria para o desenvolvemento das actividades deportivas que constitúen o obxecto deste convenio. Consecuentemente, o persoal de Expourense que realice as actividades derivadas deste convenio non terá relación de carácter laboral ou administrativo coa Secretaría Xeral para o deporte.

Neste sentido, Expourense, exercerá respecto ao persoal ao seu cargo, os poderes de dirección e control. Do mesmo xeito, a citada entidade queda obrigada a cumprir, baixo a súa responsabilidade, todas as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo.

OITAVA.- Comisión Técnica

Establécese unha Comisión Técnica, que estará composta por dous representantes da Secretaría Xeral para o Deporte e dous representantes de Expourense, que se reunirá tantas veces sexa necesario, para deliberar e acordar a coordinación das actuacións relacionadas coa finalidade perseguida coa firma do presente convenio e para o seguimento do grao de execución así como a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar.

A esta comisión poderán incorporarse dous representantes da Federación Galega de Atletismo cando se traten aspectos relativos ao desenvolvemento da práctica deportiva do atletismo.

NOVENA.- Vixencia do convenio e causas de resolución .

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, podendo prorrogarse de forma expresa por acordo das partes, mediante a sinatura dunha addenda tramitada consonte o procedemento legalmente establecido, por anos naturais, cunha duración máxima de ata tres anos adicionais.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se teña acordado a prórroga do mesmo.
- 2.-O acordo unánime de todos os asinantes.
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- 4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DECIMA.- Modificación do convenio

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

- 1.-Por acordo unánime dos asinantes.
- 2.-De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Natureza e réxime xurídico

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do mesmo deberán resolverse pola Comisión Técnica á que se refire a cláusula oitava do presente convenio. Se non se puidese acadar o dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

A súa normativa específica está constituída basicamente pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo está suxeito ás obrigas de publicidade impostas polo artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificacións.

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- 1) As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas os avisos da posta a disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- 2) As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
- 3) Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos demais medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

En proba de conformidade asínase este convenio no lugar e data arriba indicados.

O secretario xeral para o Deporte

En representación de Expourense